

## Anuncio

O presente documento estará exposto no Taboleiro de Anuncios desta Deputación desde o día 07-10-2025 ata a data 03-11-2025. O XEFE DA UNIDADE PORTERÍA E VIXIANCIA

**ACORDO DA XUNTA DE GOBIERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO DO 26 DE SETEMBRO DE 2025 NA QUE SE APROBA A CORRECCIÓN DE ERRO MATERIAL NAS BASES ESPECÍFICAS DO PROCESO SELECTIVO PARA O INGRESO COMO PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA NA DEPUTACIÓN DE LUGO, EN CINCO (5) PRAZAS VACANTES, DOTADAS ORZAMENTARIAMENTE, DENOMINADAS TERAPEUTA OCUPACIONAL, INCLUÍDAS NAS OFERTAS DE EMPREGO PÚBLICO DOS ANOS 2023, 2024 E 2025, ACCESO LIBRE, POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN.**

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 26 de setembro de 2025, adoptou entre outros, o seguinte acordo:

"Por acordo da Xunta de Goberno de data 12.09.2025, apróbanse as bases específicas que regulan, xunto coas bases xerais, o proceso selectivo que se convoca para o ingreso como persoal funcionario de carreira na Deputación de Lugo, en cinco (5) prazas vacantes, dotadas orzamentariamente, denominadas Terapeuta Ocupacional, incluídas nas Ofertas de Emprego Público dos anos 2023, 2024 e 2025, acceso libre, polo sistema de concurso-oposición.

Producíndose erro material na base 9. **PROGRAMA DE ACCESO B) MATERIAS ESPECÍFICAS BLOQUE 2**, e considerando o establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas que textualmente di: "As Administracións públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os errores materiais de feito ou aritméticos existentes nos seus actos", propónse á Xunta de Goberno que proceda a súa corrección do seguinte xeito:

**1º. Onde textualmente di:**

"(...)

**BLOQUE 2**

29. Historia e evolución do sistema de protección social en España. Marco legal dos servizos sociais: Constitución Española, Estatuto de autonomía de Galicia. O papel das deputacións provinciais.

30. A lei de servizos sociais de Galicia. O sistema galego de servizos sociais. Planificación do sistema galego de servizos sociais.

31. Os servizos sociais de Galicia. O Catálogo de servizos sociais en Galicia. A prestación dos servizos sociais. Dereitos e obrigas das persoas usuarias dos servizos sociais. Dereitos e obrigas das entidades prestadoras dos servizos sociais. Infraccións e sancións. Procedemento sancionador.

32. As competencias en materia sociosanitaria da Deputación de Lugo. O servizos sociais da Deputación de Lugo. Marco legal e administrativo que regula os centros de atención a maiores da Deputación de Lugo.

33. As autorizacións, acreditacións, modificacións e inspección dos servizos sociais en Galicia. A regulación das condicións e requisitos que deben cumplir os centros de atención a persoas maiores en Galicia. Requisitos xerais dos centros e programas de servizos sociais. O rexistro único de entidades prestadoras de servizos sociais (RUEPSS).

34. Promoción da autonomía persoal e atención á dependencia: principios da lei, dereitos e obrigacións dos usuarios, configuración do sistema, prestacións e catálogo de servizos.

35. Procedemento da valoración da dependencia en Galicia: disposicións xerais, órganos do sistema, procedemento. Iniciación, tramitación, resolución e revisión do recoñecemento do grao de dependencia e do Programa individual de atención.

36. Discapacidade: conceptos básicos. Aspectos físicos, psíquicos e sociais e legais. Principais beneficios do recoñecemento do grao de discapacidade.

37. Os centros de atención a persoas maiores da Deputación de Lugo como resposta á prevención da soideza na vellez.

38. Protocolos nos centros de atención a persoas maiores de obrigado cumprimento.

39. Definicións de terapia ocupacional segundo a Federación Mundial de Terapia Ocupacional (WOTF), o Comité europeo de Terapia Ocupacional (COTEC) e a Organización Mundial da Saúde (OMS). Código de ética de terapia ocupacional.

40. Historia da terapia ocupacional: orixes, promotores, principios, e feitos históricos. Terapia ocupacional en España, orixes e desenvolvemento.

41. O modelo de atención centrada na persoa e o modelo biopsicosocial, na atención e coidados sociosanitarios. O rol do profesional de terapia ocupacional neste modelo.

42. A atención xerontolóxica centrada na persoa. Historia e proxecto de vida. A folla de ruta persoal.

43. O Plan de Atención Individual nos centros de atención ás persoas maiores. Plan de coidados. Tratado de xestión da vida.

44. Papel do terapeuta ocupacional nas diferentes etapas da persoa usuaria nun centro de atención a persoas maiores da Deputación de Lugo: avaliación, preacceso, acceso, adaptación e baixa.

(...)"

**2º. Debe decir:**

(...)

**BLOQUE 2**

29. Fisiopatoloxía do envellecemento. Envellecemento fisiológico. Envellecemento patológico.

30. A psicomotricidade. Concepto de psicomotricidade. Terapia ocupacional e psicomotricidade.

31. Terapia ocupacional en xerontoloxía e coidados básicos no maior. Valoración xerontolóxica integral (compoñentes/ áreas do desempeño ocupacional). Rol do terapeuta ocupacional na valoración xerontolóxica integral.

32. Avaliación en terapia ocupacional. Diferencias entre avaliación e valoración. Avaliación inicial e continuada.

33. Avaliación da función física e sensorial. Métodos e instrumentos de valoración. Intervención de terapia ocupacional.

34. Avaliación da función cognitiva. Métodos e instrumentos de valoración. Intervención de terapia ocupacional

35. A actividade en terapia ocupacional. Análise da actividade. Aplicación da actividade con fins terapéuticos.

36. Actividades da vida diaria. Definición e clasificación. Actividades Básicas da Vida Diaria (ABVD), Actividades Instrumentais da Vida Diaria (AIVD), Actividades Avanzadas da Vida Diaria (AAVD)

37. Instrumentos estandarizados para a valoración das Actividades Básicas da Vida Diaria (ABVD). Barthel, Katz, escala da Cruz Vermella.

38. Instrumentos estandarizados para a valoración das Actividades Instrumentais da Vida Diaria (AIVD). Instrumento Cuestionario Pfeffer, Escala de Lawton y Brody.

39. Intervención de terapia ocupacional en residencias de persoas maiores. O plan de atención individual en persoas maiores. O papel do terapeuta ocupacional nos plans de atención individual.

40. Os equipos interdisciplinares terapéuticos. Papel do terapeuta ocupacional nos equipos terapéuticos. A relación terapéutica entre a persoa maior e o profesional da terapia ocupacional.

41. Produtos de apoio. Definición. Clasificación.

42. Próteses. Concepto, clasificación, funcións e mecanismos de acción. Órteses. Concepto, clasificación, funcións e mecanismos de acción.

43. Terapia ocupacional en procesos reumatológicos: artrite e artrose. Valoración e intervención. Protección articular. Ergonomía.

44. Terapia ocupacional en demencias. Tipos de demencia. Intervención de terapia ocupacional.

(...)"

Lugo, 29 de setembro de 2025.- O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 2688

O presente documento estará exposto no Taboeiro de Anuncios desta Deputación desde o día 07-10-2025 ata a día 07-11-2025  
O XEFE DA UNIDADE PORTERÍA E VIXIANCIA